



PLAN DIXITAL

Colexio La Salle
Santiago de Compostela

[Versión 1.0_12 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio La Salle de Santiago de Compostela é un centro privado de iniciativa social creado de acordo co dereito recoñecido no artigo 27.6 da Constitución Española e explicitado nos artigos 21 e 57 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación (LODE). Quedou autorizado como centro de educación o 15 de xuño de 1964, coa denominación “Colegio La Salle”, titularidade dos Irmáns das Escolas Cristiás. Ten o código n.º 150156031S no rexistro da Dirección Provincial de Educación da Coruña e goza da personalidade xurídica que lle outorgan as leis.

No noso centro impártense todos os niveis desde segundo ciclo de educación infantil (3 anos) ata 2º de bacharelato (18 anos), acollendo actualmente 1420 alumnos repartidos en 9 aulas de educación infantil, 18 aulas de educación primaria, 16 aulas de educación secundaria e 8 aulas de bacharelato, das modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais. Conta con amplas instalacións e uns medios e recursos adecuados, que se van actualizando e mellorando decote.

O centro está acollido ao réxime de concertos regulado polo título IV da LODE, no Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos aprobado polo R.D. 360/1997, de 15 de marzo, e nas súas normas de desenvolvemento. Os últimos concertos establecidos entre a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e o Titular do colexio La Salle están regulados pola Orde do 22 de febreiro de 2002 (DOGA 3 de abril de 2002).

O colexio La Salle de Santiago é un centro de interese social segundo o Decreto 1238/1969 (BOE do 24/6/69).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Podemos definir o nivel socioeconómico como medio. Debido á oferta totalmente privada do bacharelato prodúcese un desprazamento desta situación media cara a media-alta. Os datos dos que se dispoñía antes da entrada da nova Lei de protección de datos indícanos tamén a relación entre este nivel socioeconómico cun nivel de estudos máis alto, tendente á superación dos estudos superiores, sen que esta situación poida entenderse como xeneralizable a todo o conxunto. Por outra banda, aínda que as taxas globais de alumnado inmigrante na cidade son baixas, aumentou a escolarización de alumnado destas características no centro.

O centro ten definidos documentalmente nos seus plans institucionais a dimensión educativa das tecnoloxías da información, comunicación nos principios, obxectivos xerais e procesos. Reproducimos algúns parágrafos de dous dos nosos documentos de maior calado: o carácter propio e o proxecto educativo.

Carácter propio

4. Estilo pedagóxico.

4.1 - Coherencia e renovación metodolóxica

A nosa metodoloxía réxese por criterios que buscan a calidade educativa, a resposta ás necesidades dos alumnos, o rigor científico, o traballo cooperativo, a autonomía responsable e a sintonía cos avances tecnolóxicos e medios didácticos máis eficaces.

4.6 - Uso de Novas Tecnoloxías

O Centro La Salle incorpora os avances das Novas Tecnoloxías que axudan a mellorar a calidade educativa e a profesionalidade dos docentes. Considerámolas medios ao servizo dos alumnos, para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade.

A formación dos alumnos no uso das Novas Tecnoloxías efectúamolas con sentido crítico, velando para que prevalezan os valores persoais, éticos e de relación sobre o puramente técnico.

Proxecto Educativo

No colexio La Salle existe clara intención de ofrecer un ensino de calidade, por iso fanse esforzos significativos na formación e actualización do profesorado, tanto en programas de innovación educativa como de uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) (páx. 3)

3.2.6 Tecnoloxías da Información e da Comunicación

As obras educativas La Salle incorporan de modo constante os avances tecnolóxicos poñéndoos ao servizo da dinámica pedagóxica no proceso de ensinanza-aprendizaxe, da relación co alumnado e coas súas familias e da organización interna en favor da mellora continua da calidade educativa. Apostamos por elas como unha dinámica clave para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade.

Formamos no uso das ditas tecnoloxías desde a valoración crítica, facendo prevalecer os valores persoais, éticos e de relación sobre o puramente técnico. (páx. 16-17)

Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías dixitais, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran e como medio de incorporación ao desenvolvemento social actual. (páx. 24)

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación a través do emprego das ferramentas que a plataforma Sallenet nos permite. (páx. 25-26)

Liñas xerais do Plan de integración das TIC

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, coñecida como LOMCE, vén modificar nalgúns aspectos a anterior LOE. Non introduce cambios no que á competencia dixital do alumnado se refire e si que, por primeira vez, alúdese de forma superficial na normativa educativa á competencia dixital docente.

Unha das grandes propostas da LOMCE é intensificar o uso das TIC e para isto propónse:

- A extensión do concepto de aula no tempo e no espazo: contornas virtuais de aprendizaxe.
- A utilización compartida das plataformas dixitais e tecnolóxicas do Ministerio por administracións educativas, centros docentes, profesorado e alumnado.

- A selección de recursos dixitais de calidade, e recoñecemento das achegas da comunidade educativa que cumpran certos requisitos de calidade.
- O establecemento de estándares de interoperatividade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia comparten a mesma redacción en canto ao proxecto de educación dixital dos centros se refire. Desta forma, tanto o artigo 19, no caso do decreto de primaria, como o artigo 39, no caso do decreto de secundaria expoñen que:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza.

É acertado vincular a metodoloxía docente mediada polas TIC coa calidade do ensino. Actualmente esta vinculación demóstrase a través da boa vontade do profesorado que, con autoformación, coñecemento, motivación e preocupación polo ensino, está ofrecendo actuacións innovadoras con excelentes resultados, independentemente do que a cambiante normativa estableza para os documentos do centro.

Por outro lado está a aprendizaxe por competencias no que as TIC xogan un papel fundamental nunha delas: o tratamento da información e competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. A competencia dixital está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de decodificación e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. Utilízanse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Así mesmo, esta competencia permite procesar e xestionar axeitadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de *software* e de *hardware* que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que

proporcionan e analízanla de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

O colexio La Salle integra as tecnoloxías da información en todas as súas etapas e para iso conta cos recursos necesarios tanto técnicos e materiais como persoais. É clave a formación do profesorado e a instalación da rede que dá soporte a todos os procesos informáticos que se desenvolven no día a día, tanto na relación interna do ensino-aprendizaxe, como nas relacións coas familias e coa comunidade educativa en global.

Na etapa de infantil as novas tecnoloxías están completamente integradas no proceso de ensinanza-aprendizaxe, constituíndose como unha ferramenta de traballo diario na aula.

En primaria participan no programa “ABALAR” da Xunta de Galicia levando a cabo todos e cada un dos obxectivos de mesmo.

En secundaria gozamos do espazo virtual de salletnet, que nos permite un contorno de aprendizaxe áxil, fluído e adaptado aos tempos, con recursos, probas e cursos integrados na plataforma educativa da institución.

En bacharelato está inmerso un proxecto dixital *one to one* onde todo o alumnado dispón dunha tableta que executa licencias dixitais pero sobre todo, materiais elaborados polos departamentos dentro da súa aula virtual *moodle*. A aposta polas tecnoloxías é un elemento máis do cambio metodolóxico cara ás competencias. Pensamos que as TIC poden axudar a crear un modelo educativo centrado no ensino cara a un modelo centrado na aprendizaxe. O alumnado aprenderá a procesar a información con ferramentas interactivas e colaborativas sacando o maior partido posible dos tempos de clase.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Obxectivos xerais do centro en relación ás TIC

- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado e profesorado.
- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades a través de Internet, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Usar o encerado interactivo como elemento fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe
- Consolidar o uso da plataforma educativa do centro e de toda a institución para toda a comunidade educativa.

2. Obxectivos para os alumnos

- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Elaborar un plan vertical de formación das TIC dende a educación primaria.
- Potenciar a comunicación con outros compañeiros e compañeiras da súa contorna ou de fóra da súa contorna próxima.
- Espertar o interese e dar as pautas para acceder á información de forma precisa e crítica, potenciando o razoamento e o afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador e o taboleiro interactivo como medio de creación, de integración, de fomento de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.
- Aprender a utilizar a tecnoloxía de forma ética (programa desenvolvido na normativa de uso de bacharelato)

3. Obxectivos para o profesorado

- Favorecer a utilización das TIC por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do Centro: programacións, memorias, plans, actividades, exames, fichas..., como medio para perfeccionar a actividade docente e para impulsar a innovación metodolóxica.
 - Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursos de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
 - Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en faladoiros, debates, chats, a través de Internet.
 - Favorecer os foros e o intercambio, a participación na creación e evolución de páxinas Web, ou páxinas de información e debate do Centro, da Comunidade Educativa, para dar a coñecer as nosas inquietudes, ideas e alternativas.
- 4. Obxectivos da Comunidade Educativa**
- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o contorno en xeral a través do Xestor Educativo e da páxina Web e/ou correo electrónico.
 - Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: páxina Web, Xornadas, Semanas especiais, foros e debates a través de Internet, enquisas...
(páx 45-ss)

1.3. Breve xustificación do mesmo

Ademais de cumprir coa normativa vixente, entre as que destacamos as seguintes disposicións e resolucións:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e posta en práctica do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

Engadimos uns obxectivos xerais máis contextualizados e estratéxicos. Enumerámolos analizándoos en tres dimensións:

Obxectivos de dimensión educativa:

- Continuar co despregue de NCA ([Novo Contexto de Aprendizaxe](#))
- Axeitar e avaliar os materiais de NCA da plataforma do proxecto. (<https://proyectonca.sallenet.org>)
- Desenvolver un plan progresivo para a adquisición da competencia dixital nos alumnos integrado na metodoloxía NCA.
- Consolidar a plataforma Sallenet-Moodle e Google Workspace como ferramentas de aprendizaxe, avaliación e comunicación. Utilización por todos os alumnos nas etapas de Primaria, ESO e Bacharelato como referencia no traballo persoal.
- Crear actividades que traballen directamente as capacidades de alto nivel en clave de competencias.

- Integrar en todas as programacións o uso das TICs nas súas unidades didácticas de todas as etapas.
- Utilizar de forma regular encerados dixitais ou proxectores en todas as aulas do colexio.
- Utilizar as TICs na práctica educativa para personalizar a aprendizaxe e para traballar de maneira competencial utilizando capacidades de alto nivel (sintetizar, analizar, crear...).

Obxectivos de dimensión organizativa

- Creación de equipo de profesores que traballan con Chromebooks en 3.º, 4.º, 5.º e 6.º de Primaria para elaborar actividades e material baseados en criterios comúns.
- Progresiva implantación de libros dixitais de creación propia na ESO.
- Traballo por departamentos para elaboración de material de cada área.
- Traballar por proxectos integrando o uso das TICs como ferramenta funcional de traballo. (Primaria e ESO)
- Complementar con material de creación propia na plataforma Sallenet o contido dos libros dixitais na ESO.
- Detallar o plan de alfabetización TIC en todas as etapas por actividades e indicadores.
- A comunicación interna realizámola por correo electrónico e grupos de correo públicos co dominio @lasallesantiago.gal xestionado por Google Workspace.
- Os materiais das semanas especiais, reflexións, actividades e multimedia xestionámolos mediante Google Drive.
- Os pais, alumnos e profesores poden comunicarse por medio da plataforma Sallenet-Moodle, estando integrado a nivel de profesores e alumnos co correo electrónico.
- Mellorar a comunicación interna para ser máis eficientes utilizando a xestión de eventos compartidos e documentos xestionados en equipo.
- Unificación dos materiais de acceso común mediante un xestor de contidos.
- Uso xeneralizado de Google Workspace por parte dos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato.
- Comunicación, organización e avaliación a través de Sallenet-Moodle ou Google Workspace.
- Creación de espazos virtuais correspondentes con grupos de traballo que plasmen a súa actividade de maneira dixital.
- Eliminación do papel para a comunicación interna do centro.
- Coordinación de repositorio común de materiais compartidos.
- Simplificación e publicación da información relevante de xestión de centro por niveis de acceso.

Obxectivos de dimensión tecnolóxica

- Todas as aulas dispoñen de ordenador fixo e encerado dixital e/ou proxector con acceso a internet e ás aplicacións básicas (ofimática, internet e multimedia).
- Infraestrutura de rede para dar acceso a todos os dispositivos.
- Mantemento e renovación de equipos.
- Troncais de rede de 10 Gbps con novos puntos de acceso Wifi que soporten a demanda futura de acceso mediante dispositivos móbiles.
- Acceso á rede mediante autenticación de dispositivo e usuario a través dun servidor Radius.

- Instalación de dobre cortalumes, un principal (Pfsense) e outro secundario (Fortinet) con filtro de aplicacións, antivirus e rexistros de uso e acceso. Forzado de Safe Search en busca de imaxes.
- Configuración de cortalumes de capa 7 na infraestrutura Wifi do centro establecido por roles.
- Marmorización de uso de rede, filtros e acceso de usuarios.
- Parametrización de filtros e toma de decisións sobre acceso e uso da rede para dotar de maior seguridade e control á infraestrutura.
- Seguimento sobre o cumprimento da lei de protección de datos.

1.4. Proceso de elaboración

A redacción do plan dixital é o resultado final do traballo dun equipo formado por tres profesores do colexio: Gonzalo Picola, Diego Mallou e Jesús Martín. Contamos coa orientación de Juan Manuel Ogando, asesor asignado pola Xunta.

- O primeiro paso foi invitar a todo o claustro e a diversos alumnos do colexio a utilizar a ferramenta SELFIE. Esta reúne, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo en que se utiliza a tecnoloxía no centro.
Os enunciados abarcan ámbitos como o liderado, as infraestruturas, a formación do profesorado e as competencias dixitais do alumnado.
Aínda que indica máis opinións que datos en si, é un bo punto de partida.
Complétase esta análise co Test de Competencia Dixital (TestCDD)
- Nun segundo momento o equipo elaborou unha análise DAFO a partir dos resultados de dita ferramenta SELFIE, do test de competencia dixital e da percepción do equipo sobre o propio centro. O equipo directivo corroborou en boa medida a análise feita.
- Nun terceiro momento optamos por definir seis obxectivos a medio prazo (dous anos) intentando ser operativos e poder facer unha nova versión do plan dixital cunha formulación máis estratéxica. Ditos obxectivos foron desenvolvidos conforme ao modelo proposto. **Conscientemente en dito plan foron obviadas algunhas das debilidades detectadas na análise DAFO respecto aos alumnos xa que entendemos que van ser traballadas directamente na nova materia de 1.º e 2.º de ESO “Tecnoloxía e Dixitalización”.**
- Por último redáctase o plan dixital intentando axustarnos na medida do posible ao modelo proposto.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1 O centro dispón e utiliza sistematicamente servizos de redes globais, de centro e de aula para o almacenamento organizado dos recursos dixitais e documentais accesibles á comunidade educativa.

En La Salle dispoñemos dun sitio Sallenet-Moodle centralizado a nivel de España e Portugal onde compartimos materiais, recursos, formación e cursos completos de Moodle clasificados por etapas, cursos e

áreas. Todos os profesores acceden coas credenciais do centro e poden importar os recursos directamente á nosa plataforma do centro.

A nivel de centro dispoñemos de varias unidades compartidas de Google onde traballamos de maneira colaborativa documentos e compartimos recursos. Tamén contamos cun [NAS QNAP](#) para as copias de seguridade do equipo directivo, administración e secretaría.

Os materiais das áreas compártense a través dos cursos de [Sallenet-Moodle](#) cos alumnos.

2.1.2. O centro dispón e utiliza coa comunidade educativa espazos virtuais para a comunicación, interacción e a aprendizaxe en todos os niveis e materias.

Todas as áreas de cada curso e etapa dispoñen dun curso Moodle na plataforma onde se sobe o material de cada unha delas.

O módulo de comunicación é un sistema de mensaxería interna [xerarquizado](#) onde nos comunicamos cada membro da comunidade educativa respectando a lei de protección de datos.

Cada ano analízanse os resultados das probas rexistradas para establecer melloras.

2.1.3. O centro ten explicitados e estruturados os protocolos de acceso e uso aos servizos e dispositivos de rede dos que dispón o centro.

Cada profesor e alumno dispón de diversas credenciais para autenticarse na rede Wifi, a plataforma [Sallenet-Moodle](#) e os servizos de Google [Workspaces](#). En función do rol ten marcados uns [filtros](#) e acceso a determinados servizos de rede. O obxectivo a curto prazo é unificar os tres sistemas coas mesmas credenciais.

2.1.4. O centro ten definidos criterios e estratexias organizativas en relación cos recursos tecnolóxicos e servizos de rede das aulas (físicas, virtuais ou mixtas).

A rede está estruturada para o seu uso correcto en función do rol de alumno ou profesor.

2.1.5. O centro organiza os dispositivos ou recursos tecnolóxicos para o uso individualizado ou personalizado do profesorado e do alumnado para o proceso de ensino e aprendizaxe e o seu uso responsable.

A reserva dos recursos compartidos como as salas de informática realízase mediante unha ferramenta na plataforma [Sallenet](#). A final do curso revísase o seu uso e establécense medidas de corrección e [optimización](#) de uso así como de resolución de incidencias.

2.1.6. O centro establece medidas e actuacións para a compensación tecnolóxica, a inclusión e equidade dixital do alumnado.

A adquisición do dispositivo dixital de uso individual facémolo cunha empresa que posibilita o financiamento ás familias para facilitar o pago. A pesar disto temos algunhas familias que non cumpren os requisitos e o centro directamente ou a través da [ANPA](#) ofrecemos solucións de financiamento ou doazón de material para garantir a equidade dixital do alumnado. Cada caso estúdase de maneira individualizada proporcionándolles unha resposta, incluso asumindo o propio centro o custo do mesmo.

2.1.7. O centro establece medidas explícitas de apoio técnico, mantemento e reciclado eficiente e eficaz dos seus equipos e servizos dixitais.

Aínda que o tivemos, nestes momentos, por problemas técnicos, non está dispoñible. No seu lugar utilizamos fichas en papel. Hai un responsable que inicia o proceso de resolución das mesmas solicitando axuda se é o caso.

2.1.8. O centro planifica e organiza tecnoloxías de asistencia, inclusión e acceso dixital a contidos adaptados para o alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe adicional e diferenciado.

O uso da plataforma Sallenet posibilitáanos a adaptación do contido aos alumnos con necesidades educativas específicas e a aprendizaxe adaptativa permítenos facer unha avaliación e seguimento máis individualizado de cada alumno.

O ritmo de aprendizaxe axústase ás necesidades de cada alumno. Utilizamos o rastrexo de finalización como ferramenta de seguimento e avaliación das aprendizaxes dos alumnos.

2.1.9. A organización tecnolóxica das infraestruturas e servizos de rede posibilita o acceso eficiente a escenarios de aprendizaxe flexibles, cooperativo, individualizado, inclusivo e internacionalizado.

A cobertura da rede Wifi é completa no centro o que posibilita a utilización de salas e departamentos para traballos colaborativos e aprendizaxes flexibles.

A creación de actividades multidioma na plataforma Sallenet posibilitáanos achegar as aprendizaxes a alumnos con dificultades de idioma.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,9	4,2	4,8		
	Profesorado	3,4	3,6	3,3		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,3	4	3,8		
	Profesorado	3,2	3,6	3		
	Alumnado	4,1	3	3,1		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,7	4,5	4,9		
	Profesorado	4,2	4,1	3,9		
	Alumnado	4,3	3,6	4,4		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	3,8	3,8		
	Profesorado	3,1	3,2	2,5		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5	4,6	4,9		
	Profesorado	4	4,2	4,1		
	Alumnado		4,2	4,5		
F- Pedagogía: Realización na aula	Equipo Direct.	4,3	3,7	4,4		
	Profesorado	3,5	3,5	3,3		
	Alumnado	3,8	3,2	3,8		

G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5	3,8	4,1		
	Profesorado	3,1	3,3	2,7		
	Alumnado		2,8	3,4		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4	3,6	3,8		
	Profesorado	3,3	3,8	3,6		
	Alumnado	4,3	3,3	3,8		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	44	82	55,1
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	4		
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	81,8	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRI	72,7	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
ESO	90,6	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	
A2	12	
B1	21	
B2	12	
C1	4	
C2		
TOTAL	46	

2.3. Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMIENTO		
	PERSONAL DOCENTE		
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

Fortalezas

Existe colaboración con outros centros.

As infraestruturas do centro están en constante actualización así como os diferentes equipos que se utilizan. Os equipamentos e as redes están actualizados

Existen canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro

Existe cultura de traballo colaborativo en sallet por parte do profesorado.

Suficiente comunicación interna e externa.

Debilidades

Non existe certificación en competencias dixitais

Non existe unha estratexia dixital moi definida.

Insuficiente tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

Non se contempla dentro do horario tempo dedicado á comunicación.

Insuficiente tempo para formacións específicas e máis completas.

Asistencia técnica suficiente e rápida

Insuficiente formación sobre aprendizaxe mixta.

Política de protección de datos implantada dende hai tempo a todos os niveis.

Insuficiente reflexión sobre as necesidades de DPC.

Contémplase que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases (de 3.º a 6.º Primaria; Bacharelato)

Non se utilizan suficientemente as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.

Espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais

Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.

Existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe

O alumno non sempre aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.

Suficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.

O alumno non aprende a crear contidos dixitais.

Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado

O alumnado non aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos que xorden.

Utilízanse recursos educativos abertos

Insuficiente comportamento seguro e responsable do alumnado.

Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais

En Primaria foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

Utilízanse tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.

Utilízanse tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.

Facilítase ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe

O alumno aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.

Non existen diferenzas notables no nivel de competencia dixital dun sector do profesorado.

Suficiente experiencia no emprego de Sallenet

Apoio do equipo directivo para probar novas experiencias dixitais.

Formación dixital integrada con outros colexios de La Salle

Os plans estratéxicos da institución contemplan a adquisición de novo equipamento tecnolóxico para poder contar coas últimas tecnoloxías.

Oportunidades

Apoio das autoridades educativas respecto do Plan Dixital

Ameazas

Non hai apoio económico externo ás familias

Grao de implantación da Imaxe dixital do centro

Falta de integración de Sallenet co programa de xestión da Xunta (por falta de vontade da Xunta)

Sallenet permite un alto grao de implantación dos recursos dixitais para desenvolver as distintas tarefas administrativas e docentes:

Os itinerarios das leis educativas non dan a importancia necesaria ás materias que teñen como saberes básicos os propios das TIC.

Apoio na lexislación

As administracións públicas non facilitan que se poida dispor de dispositivos electrónicos que permitan traballar as competencias tecnolóxicas de forma transversal.

Apoio económico das familias no mantemento da rede e a compra de dispositivos

Os cambios políticos e lexislativos non favorecen unha continuidade no relativo ás liñas directrices da formación do alumnado nin do profesorado no terreo das TIC o que dificulta a implantación e uso das novas tecnoloxías.

Experiencia con Moodle e elaboración de contidos de moitas materias

Os medios de comunicación e a industria do entretemento non axudan na concienciación do alumnado sobre o bo uso das novas tecnoloxías.

Experiencia da non utilización de libros de texto nalgún curso e materia dende hai sete anos.

Existencia dunha forte corrente que fai ver ao alumnado a tecnoloxía como unha ferramenta de escape e de ocio, en contraposición ás posibilidades que ofrece nos contextos da aprendizaxe e da formación.

Dispor dunha infraestrutura capaz de dar resposta as necesidades tecnolóxicas tanto de alumnado como de profesorado.

Falta de adaptación das familias as novas ferramentas dixitais.

Existencia dun grupo humano de profesores no centro educativo que ve con moita ilusión as grandes posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, dedicando na maioría dos casos moito tempo fóra do seu horario laboral para pórse ao día no seu uso cara á práctica cotiá na aula.

Facer un uso excesivo das pantallas por parte do alumnado e o profesorado.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”: A - Liderado						
1. OBXECTIVO (1):	Implantar un protocolo de iniciación dos profesores novos no ámbito das TICs xunto a un profesor de referencia para solucionar calquera problema ao respecto.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Avaliación dos profesores novos ao inicio e ao final do curso.					
Valor de partida (3)	75% do profesorado					
Valor previsto e data (4)	100% do profesorado			Variable (segundo se vaian facendo os contratos)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Cada profesor novo, nos dous ou tres primeiros días no centro ha de ter: 1.º Conta de usuario en Sallenet e Google. 2.º Pertenza a grupos de correo e matriculación de cursos en Sallenet. 3.º Rexistro de dispositivos móbiles para acceso Wifi con autenticación Radius. 4.º Aceptación de política de dispositivos móbiles. Normas de uso. 5.º Número de identificación en fotocopiadora. 6.º Explicación do funcionamento de Sallenet e Google Workspace	Equipo Directivo Equipo TIC	3 días tras a chegada do novo profesor			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: O profesor é acompañado durante una avaliación (3 meses) por outro profesor ou profesores, especialmente para temas relacionados con Sallenet	Profesor acompañante	Prazo correspondente a unha avaliación			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": A - Liderado						
1. OBXECTIVO (1):	Establecer as funcións, tarefas e temporalidade das estruturas organizativas relativas ás TIC e ás funcións de Comunicación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Hai equipo de comunicación e equipo TIC no colexio. Representantes de todas as etapas en cada un deles.					
Valor de partida (3)	50%					
Valor previsto e data (4)	100%			setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: O centro dispón dunha estrutura organizada (comisión TIC, coordinadores, responsables, etc.) para a planificación, xestión, coordinación, diagnóstico e avaliación do contexto tecnolóxico didáctico: <ul style="list-style-type: none"> • Coordinador TIC: • Administrador de Sallenet: • Administración e secretaría con Sallenet: • Xestión chromebooks • Xestión iPads • Responsable de protección de datos: • Xestión de incidencias tecnolóxicas: 	Equipo Directivo	15 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: O centro dispón dunha estrutura organizada para a planificación, xestión e coordinación de comunicación externa a través da páxina web e as redes sociais: <ul style="list-style-type: none"> • Coordinador Comunicación • Responsables noticias web por etapas • Responsables redes sociais Polo menos publícanse cinco noticias á semana.	Equipo Directivo	15 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Mellorar o protocolo de atención ás incidencias informáticas	Equipo TIC Equipo Directivo	30 setembro 2022	Xestor de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B – Colaboración e redes						
1. OBXECTIVO (1):	Consolidar a plataforma Sallenet-Moodle e Google Workspace como ferramentas de aprendizaxe, avaliación e comunicación. Utilización por todos os alumnos a partir de 3.º de Primaria, ESO e Bacharelato como referencia no traballo persoal				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Estatísticas de uso de Google Workspace e Moodle-Sallenet.					
Valor de partida (3)	100% en Bach. 80% en ESO; 50% en Primaria					
Valor previsto e data (4)	100% en todas as etapas			xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: A comunicación interna realízase por correo electrónico así como con grupos de correo públicos co dominio @lasallesantiago.gal xestionado por Google Workspace.	Todo o profesorado	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Os alumnos a partir de 3.º de Primaria farán un uso xeneralizado de Google Workspace (especialmente gmail e drive).	Titores	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: A plataforma privilexiada de uso para os procesos de aprendizaxe, avaliación e titorización es Sallenet-Moodle podendo complementarse nalgúns casos coas ferramentas de Google Workspace.	Todos os profesores	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Cada profesor e alumno dispón dunhas credenciais que lles serven para autenticarse na rede Wifi, a plataforma Sallenet-Moodle e os servizos de Google Workspaces. En función do rol ten marcados uns filtros e acceso a determinados servizos de rede.	Equipo TIC	Setembro 2022	Servidor Radius		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": D – Desenvolvemento Profesional continuo						
1. OBXECTIVO (1):	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N Número e calidade das experiencias compartidas					
Valor de partida (3)	? experiencias compartidas					
Valor previsto e data (4)	5 experiencias compartidas			Setembro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Intercambio de experiencias no propio centro no ámbito da etapa educativa	Equipo directivo	maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Intercambio de experiencias no Sector (colexios La Salle zona noroeste España).	Equipo directivo Equipo Animación do Sector	setembro 2023	Redes sociais. Páxina web do Sector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Publicar na web algunhas das experiencias máis interesantes destacando o valor pedagóxico das mesmas.	Equipo directivo	novembro 2023	Páxina web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E – Pedagogía: Apoio e Recursos						
1. OBXECTIVO (1):	Poñer en práctica actividades desde as TIC que traballen directamente as capacidades de alto nivel en clave de competencias.				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamentos didácticos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de materias implicadas e número de actividades realizadas					
Valor de partida (3)	Ningún alumno ten un portafolios persoal para traballar os contidos curriculares. Non sempre se traballan estas capacidades de forma consciente e graduada.					
Valor previsto e data (4)	Cando menos o 25% das materias deseñan actividades de alto nivel de forma consciente e graduada.				setembro 2025	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Definir obxectivos nas programacións que impliquen un uso competencial das TIC e que incidan sobre todo nas capacidades do tipo sintetizar, analizar, crear...	Profesorado Xefes de departamento	Primeira versión: setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Poñer en práctica ferramentas que impliquen unha reflexión persoal (Blogs, foros...) ou un traballo cooperativo (wikis...)	Departamentos	Revisión: xuño 2023 Axustes: setembro 2023	Moodle, wordpress...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Implantar en 1.º e 2.º de ESO un plan de comprensión lectora baseada en PISA partindo de textos dixitais	Departamentos de Galego e Castellano	setembro 2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Poñer en práctica un sistema de portafolios persoal que recolla evidencias destas capacidades.	Equipo TIC Departamentos	setembro 2025	Servidor interno para instalar Mahara.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.5:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora": F – Pedagogía: Implementación na aula						
1. OBXECTIVO (1):	Implantar robótica en Infantil, Primaria e ESO				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefes de Estudos. Departamento Tecnoloxía.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de alumnos que traballan robótica na aula					
Valor de partida (3)	Robótica como actividade extraescolar.					
Valor previsto e data (4)	100% de alumnado en Infantil e Secundaria; 50% en Primaria.			setembro 2022 (ata 1.º ESO)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Infantil: <ul style="list-style-type: none"> 3 anos: construcións e minimundos 4 anos: 16 sesións de 40 minutos: pensamento computacional desenchufado + code.org + lightbot jr 5 anos: 16 sesións de 40 minutos: pensamento computacional desenchufado + scratchjr 	Profesora Puri	setembro 2022	1 tableta para cada dous alumnos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Primaria <ul style="list-style-type: none"> Scratch Maker Code.org 	Profesor Diego	setembro 2022	Lego BricQ Motion Lego Wedo 2.0 Lego Spike Essential Lego Spike Prime		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Secundaria <ul style="list-style-type: none"> Obradoiro planta maker con Micro:bit Obradoiro radio maker con Micro:bit Melloremos as cidades con App Inventor 	Dpto. Tecnoloxía	setembro 2022	Un ordenador cada dous alumnos Un kit básico de Micro:bit cada 2 alumnos (https://microbit.org/)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalidade prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A mellora de infraestruturas supón facer inversións en:

- a. Cortafuegos [Netgate 1537](#) con pfsense
- b. LEGO Wedo e Spike (essential e prime) en Primaria.
- c. Placas Microbit en Secundaria
- d. Compra de 10 puntos de acceso WiFi
- e. Instalación dun servidor Radius de respaldo ao principal.
- f. Ampliación de espazo de disco duro cunha [caixa de expansión](#) no servidor NAS
- g. Cámara de vídeo semiprofesional

4. Instrumentos de seguimento e avaliación do plan

- Autoavaliación de competencia dixital docente.
- Reunións e actas da comisión TIC.
- Resultados da avaliación dos feitos finais anual.
- Cuestionarios de avaliación de actividades concretas.
- Avaliación da actividade docente polas familias.
- Avaliación dos alumnos.

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar serán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final farase** unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital farase público a toda a comunidade educativa a través de Sallenet. Haberá un apartado (un foro) onde se poderán presentar cuestións e facer suxestións.